



www.iglesiaporeltrabajodecente.org
info@iglesiaporeltrabajodecente.org

7 DE OUTUBRO DÍA INTERNACIONAL POLO TRABALLO DECENTE

Un Traballo Decente ten que ser un Traballo Saudable

Este 7 de Outubro de 2023, as organizacións que formamos a iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD), unidas a todas as persoas traballadoras do mundo, celebramos a Xornada Mundial polo Traballo Decente co obxectivo de reivindicar o traballo decente como dereito e para lograr o benestar da comunidade. Reclamamos a importancia de que “O traballo é o gran tema”, medio imprescindible para o recoñecemento da sacra dignidade das persoas, e con todo a miúdo ausente ou precarizado.

Desde 2015, esta iniciativa persegue reivindicar o Traballo Decente seguindo as palabras do papa Francisco: “Non hai peor pobreza material que a que non permite gañar o pan e priva da dignidade do traballo” e o obxectivo nº 8 da axenda 2030 da ONU: “Traballo decente como a oportunidade de realizar unha actividade produtiva que achega un ingreso xusto, seguridade no lugar de traballo e protección social para as familias”.

En 2023 queremos facer especial fincapé na importancia que ten a seguridade nos lugares de traballo, de acordo co noso lema deste ano: “*Un Traballo Decente ten que ser un Traballo Saudable*”, porque o traballo non pode considerarse como un castigo para as persoas, senón como di o papa Francisco: “o traballo é o que fai ao home semellante a Deus, porque co traballo o home é un creador, é capaz de crear”¹. Por iso denunciaremos a situación precaria de moitas persoas traballadoras do noso país, centrándonos en que a sinistralidade no traballo aumenta en lugar de diminuír e esta triste secuela debemos de denunciála. Con motivo do 28 de Abril (Día da Seguridade e a Saúde no Traballo) a Igrexa tamén alzou a súa voz preocupada a través do documento “Un traballo que coida” que indica “a falta de saúde laboral como un problema social que require de solucións colectivas”, exemplos destas situacións:

- Especialmente preocupante nos traballos feminizados (limpeza, coidados, enfermaría...) son os moitos casos de cargas esqueleto-musculares, así como os problemas de saúde mental que orixinan estes traballos expostos exclusivamente desde o punto de vista económico e non desde a perspectiva humana.
- Miles de persoas seguen hoxe en día sen acceso ao traballo, mentres as condicións precarias seguen instaladas entre a clase traballadora, perpetuando a vulnerabilidade. Un informe elaborado por Esade denota esta preocupación polo benestar mental, como unha das causas prioritarias á hora de abandonar un posto de traballo, seguida da procura de mellora de condicións e as maiores posibilidades de conciliación.

Por todo isto, os movementos impulsores desta Iniciativa, seguimos demandando un traballo no que non sufra a nosa saúde, e esiximos, xunto a outros colectivos de traballadores, a implantación e o cumprimento dos medios de prevención de riscos laborais que defendan a vida dos traballadores. Así mesmo, lembramos un ano máis as reivindicacións da humanización do traballo, e pedimos ás Institucións e Administracións un compromiso de promoción do traballo decente que evite a exclusión e a precariedade.

¹ Papa Francisco, homilía en santa Marta, 1 de maio de 2020

